

PROGRAMACIÓN AULA PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA 2021-2022

INDICE

1- XUSTIFICACIÓN.....	2
2- OBXECTIVOS.....	3
3- ACTIVIDADES.....	5
4- RECURSOS PERSOAIS E MATERIAS.....	6
5- METODOLOXÍA.....	7
6- TEMPORALIZACIÓN.....	9
7- CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA ELABORACIÓN DOS HORARIOS DE APOIO.....	11
8- HORARIO ALUMNOS APOIO CURSO 2020/2021	12
9- AVALIACIÓN.....	12

*Roberto González Miguéns
Mestre de Pedagogía Terapéutica
CEIP “Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso”
Curso 2021-2022*

1. XUSTIFICACIÓN

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022. A presenza desta circunstancia sanitaria especial, obriga a desenvolver con rapidez novas formas de garantir o dereito educativo en todos os niveis educativos. Este esforzo implica ás autoridades educativas, os centros de ensino, as familias e os propios nenos, nenas. Requírense solucións innovadoras, recursos e tempo, pero tamén paciencia e boa vontade. Xuntos podemos conseguir superar este atranco educativo e convertelo nunha oportunidade de aprendizaxe.

A diversidade de persoas que compoñen a comunidade educativa ten que considerarse como un feito valioso que contribúe a favorecer a interdependencia e a cohesión social. Debido a esta pluralidade, é unha necesidade poñer en práctica certas actuacións dirixidas a previr ou compensar dificultades. É por iso que a Programación Didáctica é unha actuación contemplada dentro da Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria.

O longo do curso o traballo vai estar centrado nas necesidades específicas do alumnado e do centro.

O plan de traballo a seguir coordinarase conxuntamente tendo en conta:

- Que os/as nenos/as se adapten o colexio e a as tarefas escolares, acudindo con agrado o Centro.
- Respectar o ritmo individual de cada neno/a.
- Potenciar o desenvolvemento socio-afectivo do alumnado.
- Tratar de equilibrar calquera tipo de desigualdades de xeito que nenos e nenas participen nas actividades dos seus grupos de compañeiros/as.

O alumnado que vai recibir apoio de pedagogía terapéutica é aquel seleccionado polo equipo docente e polo departamento de orientación do CEIP “Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso”. O número do alumnado pode variar o longo do curso dependendo das necesidades.

As veces resulta difícil unificar criterios a hora de agrupar o alumnado con N.E.A.E., o presentar cada un deles/as unhas características moi determinadas e dispares en canto o nivel de aprendizaxe que presentan; sendo cada vez maior, aínda que non ocorre en tódolos casos, o desfase entre os seus coñecementos e habilidades e os programas escolares correspondentes o curso o nivel no que se atopan. Por iso decidimos que en aquelas áreas que así o permitan, os/as nenos/as estean integradas nas súas aulas o maior tempo posible, sacándoos das mesmas noutros momentos para que deste xeito o apoio que reciban desde fora por parte do profesor de N.E.A.E. sexa máis frutífero.

2.- OBXECTIVOS

- Desenvolver e potenciar a autoestima do alumno/a.
- Recuperar os contidos do 3º trimestre do curso anterior.
- Desenvolver a capacidade de comunicación como medio de expresión e relación.
- Desenvolver e afianzar hábitos de conduta.
- Desenvolver as capacidades do alumno/a que inflúan no seu proceso de aprendizaxe (memoria, atención, percepción)
- Reforzar o proceso de aprendizaxe.
- Realización e seguimento de informes individuais dos alumnos/as con n.e.e.
- Colaboración cos profesores titores para a realización de ACIs e o seu correspondente seguimento.
- Elaboración de material didáctico.

- Acada coa colaboración de tódalas persoas que incidan no proceso de aprendizaxe do alumno/a con n.e.e. uns obxectivos comúns.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

De desenvolvemento

- Desenvolver a autonomía persoal posibilitando no alumnado unha resposta nas vivencias que o medio lle proporciona, a fin de potenciar a confianza e a seguridade en si mesmo.
- Desenvolver a súa personalidade, posibilitando no alumnado a adquisición dun modo de comunicación positivo co entorno, admitindo y respectando as normas sociais establecidas.
- Desenvolver o seu potencial cognitivo favorecendo as situacións de aprendizaxe que lle permitan acadar o nivel propio da idade

De currículo

- Empregar o idioma con propiedade.
- Potenciar o enriquecemento do vocabulario e o emprego axeitado dos significados.
- Coñecer a realidade mediante a observación, a medida e a manipulación.
- Adquirir unha visión coherente da realidade xeográfica e sociocultural na que se desenvolve.
- Coñecer a linguaxe matemática mediante a organización das estruturas mentais, construción de conceptos básicos.

- Desenvolver a imaxinación e a capacidade expresiva do alumnado.
- Aumentar a responsabilidade das súas decisións.
- Potenciar la integración do individuo no entorno físico e social.

3.- **ACTIVIDADES**

As actividades didácticas programadas poden clasificarse atendendo a diferentes criterios:

❖ **En función do seu papel na situación específica de aprendizaxe**

- Como motivación o tema do centro de interese.
- Como reforzo dos contidos e para os/as alumnos/as que requiren apoios complementarios.
- Como información dun tema concreto.

❖ **En función do agrupamento do alumnado:**

- Individualmente.
- En pequeno grupo.
- En gran grupo.

❖ **En función do contido:**

- **Linguaxe:**
 - Que favoreza a lectura, comprensión e expresión verbal.
 - Que favoreza a escritura, comprensión e expresión escrita.
- **Matemáticas:**
 - Que favoreza a conservación de cantidades, medición de lonxitudes, clasificación e ordenación de obxectos.

- **Coñecemento do Medio:**
 - Que favoreza o coñecemento de si mesmo/a.
 - Que favoreza o coñecemento e desenvolvemento no medio
- **Exposición artística:**
 - Dramatizacións.
 - Actividades de ritmo.
 - Actividades prácticas.
- **Educación corporal:**
 - Actividades de control do ton muscular.
 - Actividades de relaxación.
 - Actividades de estruturación espacial e corporal.

4.- RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

- Mestre de Pedagogía Terapéutica de Apoio a Integración.
- Orientadora.
- Mestra de audición e linguaxe.

Materiais didácticos:

- Libro de texto do alumno/a.
- Cadernos de Matemáticas complementarios.
- Láminas temáticas de observación relacionadas cos contidos das unidades.
- Cd Rom interactivo de recursos.
- Reloxo.
- Ábaco.
- Xogo de moedas e billetes de euro.
- Tangran, cubos para contar, loto de cálculo, xogos de mercado
- Fichas complementarias con actividades de reforzo e ampliación.

- Cadernos complementarios e fichas específicas de Cálculo e Resolución de Problemas.
- Material específico de atención a diversidade.
- Libros de reforzo e desenvolvemento de habilidades básicas.
- Portellos e páxinas Web de institucións, organismos, asociacións, editoriais, etc... que conteñan información e recursos educativos adaptados ao alumnado sobre os contidos específicos a traballar nas áreas instrumentais básicas

Para favorecer o desenvolvemento da atención e memoria: lotos, fichas de atención, barallas, lotería de ideas....

5.- METODOLOXÍA

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

A metodoloxía atende os principios de individualización socialización.

Segundo o principio de individualización, levarase a cabo tendo en conta en todo momento as características propias de cada neno/a. Dando por suposto que o desenvolvemento é distinto en cada neno/a, a metodoloxía será flexible e adaptada o desenvolvemento evolutivo do alumnado e as súas características persoais. Respetarase, así mesmo, o diferente ritmo de traballo de cada alumno/a.

Segundo o principio de socialización preténdese acadar a participación do alumnado no entorno no que se move co fin de que interiorice normas de conduta e principios de convivencia. Axudarase a acadar a socialización potenciando actividades que faciliten o contacto cos demais, como o traballo a través de talleres, actividades extraescolares, realización de proxectos de carácter lúdico etc...

A ensinanza impartirase de forma activa, reforzando o papel do alumno/a como elemento axente do seu propio aprendizaxe xa que debe experimentar e controlar o resultado da súa propia actividade.

Os anteriores principios metodolóxicos van orientados, supervisados e estimulados pola mediación do profesorado.

ORGANIZACIÓN

Organización espacial dos grupos.

A ubicación do alumnado e do profesor de apoio ten que ser flexible, atendendo a actividade proposta

- Tarefas en pequeno grupo ou traballo individual.
- Tarefas en gran grupo. Alumnado máis profesorado.

Seguiremos prestando o noso apoio e colaboración o profesorado dos diferentes cursos, co fin de orientalos a cerca de aquel alumnado que presenta algún retroceso no proceso de aprendizaxe.

Por outro lado asesoraremos igualmente o profesorado do Centro a hora de elaborar as listas de aqueles/as alumnos/as que precisen actividades de reforzo, deseñando un programa de intervención en aquelas áreas nas que presenten maior dificultade.

6.- TEMPORALIZACIÓN

- **Primeiro trimestre**

Deseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial no curso 2021/2022, incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

Durante o primeiro mes do curso centraremos o noso traballo, en repasar os contidos do curso anterior, cun dobre obxectivo, por unha banda comprobar que non foron esquecidos e por outra afianzalos. Do mesmo xeito faremos observacións sistemáticas daquel alumnado que por primeira vez vai recibir o noso apoio, co fin de obter un coñecemento directo das peculiaridades que presenta; contrastando os xuízos emitidos nos informes co desenvolvemento de estes na aula.

- **Segundo e Terceiro trimestre**

A nosa tarefa estará centrada en desenvolver e intensificar o traballo co alumnado nas áreas que integran o ciclo e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento formulados. O longo de todo o curso o profesor/a titor/a actuará en coordinación co profesor de apoio, e coa Orientadora., programando as actividades conxuntamente. Para iso tentaremos asignar, dentro do horario, algunha sesión dedicada a tal fin.

❖ ***Organización de reunións con distintos membros da comunidade educativa.***

- **Reunións co profesorado**

A principio de curso manteremos unha reunión cos/as titores/as para dispor da información necesaria para elaborar o programa de actuación de apoio o alumnado con N.E.A.E.. Ditos contactos manteranse ó longo de todo o curso, sendo necesaria como mínimo unha reunión o trimestre para analizar os progresos do alumnado.

- **Reunións coas nais e pais.**

Será necesario manter contactos periódicos coas familias do alumnado, sendo obrigada unha reunión o trimestre.

- **Reunións co Departamento de Orientación:**

Levarase a cabo unha reunión semanal, neste curso será o xoves, nas que se abordarán temas como:

- Diagnóstico do alumnado
- Consensuar as actuacións que se levarán a cabo.

7.- CRITERIOS PEDAGÓGICOS PARA ELABORACIÓN DOS HORARIOS DE APOIO

Para a elaboración de horarios contemplárase en primeiro lugar a ubicación horaria das áreas de:

- Música
- Educación Física
- Plástica

O alumnado con N.E.A.E. manterase dentro da aula nestas áreas por razóns de socialización.

- Distribuiranse as sesións de apoio , procurando non aglutinalas seguidas, senón ó longo da semana.
- Nas sesións de apoio dentro da aula o profesorado titor/a deberá acomodar o horario a materia ou área que se vai reforzar segundo o programa de actuación (Linguaxe ou matemáticas).
- A cantidade de horas de apoio virá determinada por:
 - Necesidade educativa do alumno/a (maior necesidade, máis sesións de apoio...)
- Si ten ACi os apoios serán acorde a Lei, un terzo do horario escolar.

O apoio do profesor de Pedagogía Terapéutica irá dirixido a tódolos alumnos/as de n.e.a.e. de Primaria e Infantil. Levarase a cabo a través dunha serie de programas que terán como finalidade desenvolver as capacidades básicas do alumnado para unha mellor adquisición das técnicas instrumentais e deste xeito influír positivamente no desenvolvemento do seu proceso educativo.

8.- HORARIO ALUMNOS APOIO CURSO 202012022

<i>SESIÓNS</i>	<i>LUNS</i>	<i>MARTES</i>	<i>MÉRCORES</i>	<i>XOVES</i>	<i>VENRES</i>
9.30 10.25	GARDA	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
10.25 11.20	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	GARDA
11.20 12.15	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
R	E	C	R	E	O
12.45 13.40	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
13.40 14.30	APOIO	APOIO	APOIO	CORD. D.O	L.D.

9.- AVALIACIÓN

Realizarase a través da observación sistemática e continua, verificando as adquisicións concretas; os aspectos a observar estarán relacionados coas condutas segundo os obxectivos propostos. O inicio do proceso, ó longo do mesmo e o seu término realizarase unha avaliación formativa con distintas finalidades en cada unha das súas fases pero cun obxectivo común. Deste xeito no primeiro mes do curso faremos unha avaliación diagnóstica que será a base para elaborar, por unha banda, os novos A.C.I., e por outra , reformular ou revisar as adaptacións realizadas no curso anterior. Posteriormente a avaliación ó longo de distintas etapas do proceso servirá para comprobar as posibles desviacións da práctica educativa e o seu término terá un valor de prognóstico para o seguinte curso académico.